

## **Por que utilizades un proceso performativo como medio habitual de expresión?**

—Porque é o medio que mellor se adapta para manifestar e exteriorizar as nosas ideas. Porque nos sentimos cómodos co noso método e proceso de traballo que culmina na materialización dos conceptos que nese momento nos inquietan. Dun pensamento a un consenso, dun consenso a unha acta, un esquema ou bosquejo. Desde ese esquema ou guión debuxado condúcese ata a práctica e nela xorden de novo o consenso e os cambios. En definitiva, a idea adáptase a través da práctica, práctica corporal, temporal, obxectual. Se a práctica desacción se corresponde coas nosas ideas imos cara á magnificación da súa conduta nunha acción concertada. A performance non se limita para nós a ela, senón que se estende e ramifica con outras formas de expresión, como a vida mesma, onde non soamente falamos para nos poder entender entre nós.

## **Cales son as preocupacións fundamentais no voso traballo?**

—As únicas preocupacións que nos chegan son elementos externos, alleos ao noso traballo, pero inevitablemente incrustados no seu «proceso». Estes elementos non chegan a interferir nos nosos obxectivos, xa que pertencen máis á fase inicial do proceso ou á fase final. Podemos dicir que a nosa única preocupación é o diñeiro. Non nos preocupan as ganancias, preocúpanos as perdas e logo comprobar que gastamos o noso diñeiro facendo o «mono», a miúdo cústanos aceptalo. Os nosos obxectivos nunca se cambiean por esta cuestión, somos fieis a expresar o que desexamos e non facemos o «idiota». Desexamos manifestar as nosas inquietudes, non as preocupacións. Os nosos pais, por exemplo, si que teñen dereito a se preocupar, levantándose ás 6.30 horas para ir ao campo ou á fábrica a traballar. Que non lles quiten os sábados, que non «se lles enganchen as costas» porque logo non poden pagar o piso ou a casa etc. Nós, polo momento, non nos sentimos con dereito a «nos preocupar», somos privilexiados de ter o que eles e elas non tiveron.

## **Dádeme un mínimo de seis adxectivos que —segundo o voso criterio— definan o que é arte para vós.**

—Álvaro: pícara, burlona, autorrealizada, vermella, negra, branca.

—Santi: pícara, burlona, autorrealizada, vermella, negra, branca.